

PROXECTO DORNA.

DESENVOLVEMENTO ORGANIZADO E SOSTÍBEL DE RECURSOS NO NOROESTE ATLÁNTICO
(PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSNACIONAL “ESPACIO ATLÁNTICO”)

O proxecto DORNA, en coherencia co seu obxectivo xeral: “a conservación e recuperación do patrimonio náutico tradicional das rexións da costa atlántica europea, como elemento endóxeno de desenvolvemento local”, enmárcase na prioridade 4 “Promover sinerxias de desenvolvemento sostíbel rural e urbano”, e no obxectivo 3 “Conservar e promocionar a herdanza do Espazo Atlántico de interese transnacional”.

DORNA parte dun enfoque holístico sobre as diferentes problemáticas que presenta a conservación e posta en valor do patrimonio náutico atlántico. A partir deste enfoque, o proxecto DORNA céntrase no desenvolvemento das rexións atlánticas implicadas no proxecto, desde unha perspectiva de sostenibilidade económica e diversidade cultural, a través do impulso e a diversificación na carpintería naval tradicional.

Este eixe de actuación permitirá a consecución dos seguintes **obxectivos**:

- Identificación e posta en valor do patrimonio náutico das rexións europeas atlánticas
- Promoción e recuperación da cultura adxacente ás embarcacións tradicionais atlánticas
- Desenvolvemento endóxeno e sostíbel do sector naval no espazo atlántico especializado en embarcacións tradicionais
- Desenvolvemento do sector turístico, coa introdución no mercado de novos produtos (náutica tradicional) vinculados coa cultura atlántica.

SOCIOS: Deputación da Coruña (Xefe de Fila), Colexio Oficial de arquitectos de Galicia (COAG), Axencia de Desenvolvemento Comarcal (OARSOALDEA), Asociación das industrias Marítimas (AIM), Causeway coast Maritime Heritage Group (CCMHG), GALGAEL.

ASOCIADOS: Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, Colexio de Enxeñeiros Navais e oceánicos, Conseil Rexional de Bretagne (FR), Centre for Maritime Archaeology, University of Ulster (IN)

Orzamento total: 1.941.269,00€